



Decreto: 167

Data decreto: 27/02/2018.

Descrición decreto: designación do comité de expertos no procedemento de contratación da obra "Saneamento e bombeo en Noal" POS+ 2017.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire a Disposición Adicional 2ª do RD Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), dita a seguinte resolución:

Visto que a cláusula 15.1 do Prego- tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais (BOP nº 3 do 07/01/2016), que ha de aplicarse na contratación da obra "Saneamento e bombeo en Noal" dispón que a valoración dos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante fórmulas lle corresponderá a un comité de expertos ou organismo técnico especializado, designado polo órgano de contratación a proposta da mesa de contratación.

Vista a proposta do 26/02/2018 da Mesa de Contratación para a designación dos membros do comité de expertos que ha de valorar as proposicións dos licitadores no referido aos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante fórmulas.

Considerando que o art. 150.2 TRLCSP dispón que o comité de expertos deberá estar integrado por un mínimo de tres membros, non integrados no órgano propoñente do contrato e con cualificación apropiada.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Designar ao comité de expertos que deberá valorar os criterios de adxudicación non avaliábeis mediante fórmulas no procedemento para adxudicar o contrato de obra "Saneamento e bombeo en Noal", que estará integrado por:

- Dª. Elsa González Villarino (arquitecta municipal).
- D. Gerardo Piñeiro Pérez (arquitecto técnico municipal).
- D. Vicente Lourido Vázquez (enxeñeiro de camiños, canles e portos).

Segundo.- Publicar extracto desta resolución no perfil do contratante para coñecemento dos licitadores.

Porto do Son, 27 de febreiro de 2018.

O Alcalde- Presidente,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O secretario, dou fe,

Asdo. José Manuel González García.

